UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | | 2020/21 |
| Asignatura (*) | Quiropodoloxía 1 | | Código | 750G02125 |
| Titulación | | | | |
| Descriptores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuadrimestre | Segundo | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Híbrida | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Ciencias da Saúde | | | |
| Coordinación | Janeiro Arocas, Julia Maria | Correo electrónico | julia.janeiro@udc.es | |
| Profesorado | Janeiro Arocas, Julia Maria | Correo electrónico | julia.janeiro@udc.es | |
| Web | moodle.udc.es | | | |
| Descrición xeral | A materia de Quiropodología I forma parte do plan de estudos do título de Grao en Podoloxía como materia obrigatoria. Impártese no primeiro cuadrimestre e consta de 6 créditos (4 Cr. teóricos e 2 Cr. prácticos).<br>Proporciona ao alumnado coñecementos sobre: Técnicas de exploración, diagnóstico e tratamento das feridas, úlceras e procesos infecciosos que afectan ao pé. Mecanismos de reparación e cicatrización. Apósitos e vendaxes. Técnicas e tratamentos quiropodológicos e de administración de fármacos. Características do servizo de Quiropodoloxía: Aparataxe e Instrumental. Protocolo de traballo no servizo de Quiropodoloxía Diagnóstico e tratamento dos procesos vasculares e neurolóxicos periféricos susceptibles de tratamento quiropodológico. Métodos de reanimación cardiopulmonar e resucitación en casos de emerxencia. Lesións térmicas: complicacións secundarías a tratamentos quiropodolóxicos. | | | |
| Plan de continxencia | 1. Modificacións nos contidos, Non se realizarán cambios.<br>2. Metodoloxías.<br>*Metodoloxías docentes que se manteñen: Todas<br>*Metodoloxías docentes que se modifican: Prácticas, seminarios, A Proba test realizarse de forma virtual.<br>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado: Realizarase<br>a través dos medios telemáticos institucionais da UDC.<br>4. Modificacións na avaliación<br>*Observacións de avaliación<br>- As modificacións efectuaranse cando as condiciones sanitarias así o estipulen, as probas sobre a materia se realizará a través dos medios telemáticos institucionais.<br>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Ningunha. | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Coñecer o concepto e ámbito de aplicación da Quiropodología e empregar as técnicas de exploración, diagnóstico e tratamento das feridas, úlceras, queimaduras, reaccións cutáneas ao frío e procesos infecciosos que afectan ao pé, así como os mecanismos de reparación e cicatrización tisular. | A115<br>A117<br>A118<br>A119<br>A120<br>A121<br>A123 | B24<br>B25<br>B29<br>B30<br>B34 | C9<br>C11<br>C14<br>C16 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Coñecer e utilizar as técnicas e tratamentos quiropodolóxicos e de administración<br>de fármacos. | A114<br>A124 | B26<br>B29 | C11<br>C14<br>C16<br>C17 |
| Coñecer e empregar o instrumental en quiropodología e a toma de mostras para cultivos. | A117<br>A118 | B24<br>B29<br>B30<br>B34 | C9<br>C11<br>C14<br>C16<br>C17 |
| Coñece, diagnostica e trata as dermatopatías bacterianas e os procesos vasculares e neurolóxicos periféricos que afectan ao pé e susceptibles de tratamento quiropodológico. | A113<br>A114<br>A115<br>A118<br>A119<br>A120<br>A121<br>A123 | B24<br>B25<br>B29<br>B30<br>B34 | C9<br>C11<br>C14<br>C16<br>C17 |
| Coñece e aplica os métodos de reanimación cardiopulmonar e resucitación en casos de emerxencia. | A123<br>A128 | | C9<br>C11<br>C16<br>C17 |

| Contidos | |
|---|---|
| **Temas** | **Subtemas** |
| UNIDADE DIDACTICA I | Introdución á materia.<br>- Partes de que consta a materia<br>· Módulo teórico<br>· Módulo práctico<br>- Avaliación<br>- Bibliografía recomendada |
| UNIDADE DIDÁCTICA 2 | Tema 1: Concepto de Quiropodoloxia. Historia e evolución da quiropodoloxía. |
| UNIDADE DIDÁCTICA 3 | Tema 2: Organización e acreditación dunha consulta de Quiropodoloxía. Aparataxe. Instrumental. |
| UNIDADE DIDÁCTICA 4 | Tema 3: Probas diagnósticas, constantes vitais e Hª Clínica. |
| UNIDADE DIDÁCTICA 5 | Tema 4: Vendaxes. Concepto, clasificación e utilización.<br>Tema 5: Feridas e curas en quiropodoloxia, concepto, tipos e tratamento. Hemorraxia e Hemostasia.<br>Tema 6: Reaccións cutaneas ao frito: Perniosis; Conxelación; Pé de Trincheira. Concepto; Tipos e<br>tratamento.<br>Tema 7: Estudo das Queimaduras: Concepto; Etiología; Clasificación; Tratamento. Tratamento avanzado. |
| UNIDADE DIDÁCTICA 6 | Tema 8: Recordo Anatomo-fisiológico da pel e os seus anexos.<br>Tema 9: Estrutura da pel. Funcións. Tipos de pel. Modificacións biolóxicas.<br>Tema 10: Pel senil. Efectos do sol e os raios UV sobre a pel. Pel do neno e da embarazada. |

| | |
|---|---|
| UNIDADE DIDÁCTICA 7 | Tema11: Ulceras e Mal Perforante Plantar. Concepto; Etioloxía; Clasificación; Características;<br>Tratamento. Técnicas de terapia avanzada.<br>Tema12: Dermatopatias bacterianas. Concepto; Clínica, Evolución, Tratamento do : Absceso.<br>Furúnculo. Foliculitis. Antrax. Panadizo. Impétigo. Erisipela. Flemón., Fascite necrotizante.<br>Linfanxite. Adenite. Celulite. Gangrena. |
| UNIDADE DIDÁCTICA 8 | Tema 13: Procesos vasculares e neurolóxicos periféricos que afectan ao pé.<br>Tema 14: Situacións especiais na clínica de quiropodoloxía. Soporte vital básico. |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Competencias / Resultados** | **Horas lectivas (presenciais e virtuais)** | **Horas traballo autónomo** | **Horas totais** |
| Sesión maxistral | A113 A114 A115 A117 A118 A119 A120 A121 A123 B25 B26 B29 B30 B34 C9 C11 C14 C16 C17 | 21 | 29 | 50 |
| Seminario | A114 A115 A117 A118 A119 A120 A121 A123 A124 A128 B24 B25 C9 C11 C16 C17 | 7 | 7 | 14 |
| Prácticas de laboratorio | A113 A114 A115 A117 A118 A123 A124 A128 B24 B26 C9 C14 C16 C17 | 18 | 18 | 36 |
| Traballos tutelados | A114 A115 A117 A118 A119 A120 A121 A123 A124 A128 B24 B25 B26 B29 B34 C9 C11 C16 C17 | 0 | 26 | 26 |
| Proba mixta | A114 A115 A117 A118 A119 A120 A121 A123 A124 A128 B24 B25 B26 B29 B30 B34 C9 C11 C14 C16 C17 | 2 | 20 | 22 |
| Atención personalizada | | 2 | 0 | 2 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |

| | |
|---|---|
| Sesión maxistral | As sesións maxistrais consisten en clases expositivas-participativas dos contidos básicos da materia, con apoio de imaxes, graficas, esquemas, etc. As sesións maxistrais centraranse nos contidos principais do temario<br>Facilitarase a o alumnado o temario cos contidos teóricos básicos da materia (sesión maxistral,seminarios e prácticas)<br>Todo o material estará accesible o alumnado na plataforma Moodle<br>https:// campusvirtual. udc.es/ moodle/. |
| Seminario | Nos seminarios abordaranse temas específicos das unidades didácticas do temario da materia, sobre os cales se desenvolverán actividades en grupo. |
| Prácticas de laboratorio | A asistencia á totalidade das prácticas é obrigatoria e ás mesmas cada alumno/a deberá ir provisto de EPIS: máscara, lentes de protección, bata. Así mismo deberá portar un cuaderno, bolígrafo y tesoiras multiusos de uso individual.<br>Nas prácticas, cada alumno/a debe ser capaz de alcanzar os seguintes obxectivos:<br>· Coñecer o instrumental, aparataxe e mobiliario necesarios para a práctica da quiropodoloxía.<br>. Adestrarse no funcionamento, utilización e manexo do instrumental e aparataje.<br>· Confeccionar unha historia clínica quiropodolóxica.<br>· Coñecer e realizar distintos tipos de vendaxes e curas de feridas, úlceras e lesions térmicas.<br>· Realizar técnicas de quiropodia.<br>· Realizar técnicas de exploración e diagnóstico quiropodolóxico.<br>· Aplicar métodos de reanimación e resucitación cardiopulmonar.<br>· Realizar técnicas de tratamentos quiropodolóxicos e de administración de fármacos.<br>Ao finalizar todas as prácticas cada alumno/a deberá entregar unha memoria de prácticas no prazo fixado ao comezo da materia.<br>Ao finalizar todas as prácticas cada alumno/a deberá entregar unha memoria de prácticas seguindo unas directrices determinadas marcadas o inicio da materia e nun prazo de entrega fixado o comenzó do curso. |
| Traballos tutelados | Realizarase un traballo en grupo dun tema relacionado coa materia cuxos requisitos e prazo de entrega comunicaranse ao comezo da docencia da materia. |
| Proba mixta | Exame de preguntas test relacionadas cos contidos da materia tanto das sesións maxistrais como dos seminarios, prácticas de laboratorio e traballos. O día do exame facilitarase información sobre a puntuación das preguntas. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Sesión maxistral<br>Seminario<br>Proba mixta<br>Traballos tutelados<br>Prácticas de laboratorio | A atención personalizada desenvolverse de forma programada nos horarios da profesora de atención ao alumnado e de forma virtual por correo electrónico. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Competencias / Resultados** | **Descrición** | **Cualificación** |
| Seminario | A114 A115 A117 A118 A119 A120 A121 A123 A124 A128 B24 B25 C9 C11 C16 C17 | A avaliación dos seminarios avaliarase en función da presencialidade e a participación de cada alumno/a nas actividades a realizar nos mesmos. | 8 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Proba mixta | A114 A115 A117 A118 A119 A120 A121 A123 A124 A128 B24 B25 B26 B29 B30 B34 C9 C11 C14 C16 C17 | Exame de preguntas test relacionadas cos contidos da materia tanto das sesións maxistrais como dos seminarios, prácticas de laboratorio e traballos tutelados. O día do exame facilitarase información sobre a puntuación das preguntas.<br>Para superar a proba será necesario obter o 50% de preguntas correctas do test. Cada 3 respostas incorrectas da próba test, restan 1 resposta correcta.<br><br>Queda terminantemente prohibido acudir ao exame con calquera tipo de dispositivo electrónico (incluíndo teléfono, computador, calculadora, tablet, auriculares, gravadora, reloxo). Durante o exame todo o alumnado deberá de manter o pelo recolleito cos pavillóns auditivos visibles. | 60 |
| Traballos tutelados | A114 A115 A117 A118 A119 A120 A121 A123 A124 A128 B24 B25 B26 B29 B34 C9 C11 C16 C17 | Avaliarase o contido, metodoloxía e bibliografía consultada do traballo realizado. | 15 |
| Prácticas de laboratorio | A113 A114 A115 A117 A118 A123 A124 A128 B24 B26 C9 C14 C16 C17 | A asistencia ás prácticas de laboratorio é obrigatoria na súa totalidade para superar a materia. A avaliación das prácticas realizarase a través da avaliación continuada dos coñecementos, habilidades e destrezas demostrados nas prácticas e a elaboración e entrega dunha memoria final de prácticas. | 17 |

## Observacións avaliación

Para superar a materia é necesario asistir e superar a totalidade das prácticas de laboratorio e superar a proba mixta (co 50% de preguntas correctas do test). Así como obter unha media de 5 na cualificación total da materia incluíndo proba mixta, prácticas de laboratorio, seminarios e traballos tutelados.
No caso de non superar a proba mixta, nas posteriores oportunidades deberá de realizar a totalidade da mesma, indemente de superar algunha das partes.
Convocatorias de segunda e posteriores matrículas: Para aqueles alumnos/as que cursen a materia e realicen as prácticas obrigatorias de forma completa coa cualificación de apto, deben de ter en conta que poden volver cursar toda a materia novamente ou presentarse só ao exame teórico final, tendo en conta que a cualificación do exame teórico fará media coas cualificacións das prácticas de laboratorio, seminarios, traballos tutelados do curso académico no que cursase as prácticas de laboratorio segundo as porcentaxes do devandito curso.
Alumnado en matrícula parcial: O alumnado en matrícula parcial debe de comunicalo obrigatoriamente ao profesor responsable da materia ao comezo do curso. Para este alumnado é obrigatorio ao 100% a realización da práctica clínicas. A cualificación dos seminarios e traballos tutelados pode obterse mediante a realización de traballos dirixidos que o alumno/a realizará de forma individual e autónoma.
Convocatorias da oportunidade adiantada de avaliación: Para aqueles alumnos/as que solicitasen a oportunidade adiantada de avaliación, cumpran cos requisitos e concédaselle poderán presentarse ao exame teórico final cuxa cualificación suporá o 100% da cualificación da materia.
A cualificación de non presentado: outorgarase a aqueles alumnos que non se presentan ao exame.
As condicións para a obtención dunha matricula de honra son que o alumno obteña un 90% da cualificación da materia, sexa a mellor cualificación da clase na oportunidade avaliada e a súa a súa evolución curricular fose significativa.

## Fontes de información

| | |
|---|---|
| Bibliografía básica | HILL, MARCIA J.: Trastornos cutáneos. Mosby/Doyma UMBERT, P. Y SÁNCHEZ-REGOÑA., M. Manual de dermatología práctica. J.R. Prous Editores (1995).MIX, GODFREY: Podología. Cuidados del pié. Paraninfo/Thomson Learning.(2001).Nuñez Samper M, Llanos Alcázar. Biomecanica, Medicina y Cirugía del Pie. Masson: Barcelona, 2000.Zalacain A,Ogalla JM,Garcia-palos. Atlas y sinopsis de enfermedades cutaneas del pie. Edikamed 2008.Toni Bove. El vendaje funcional. Elservier: 2007Aragón/Lázaro. Atlas del manejo práctico del pie diabético. Masson 2004.Arcia, A.L./ Fernandez, J.I./ Rodriguez, R. El pie diabético. Ed. Elsevier-Masson: 2004.Aragón Sánchez/Ortiz. El pie diabético. Masson: 2001.Gómez Ortiz Santiago, Gómez Facundo Santiago. Guía farmacológica de utilización en podología. Nexus medica editores 2010.Comisión de Formación del Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos. Guia Práctica de protocolos quirúrgicos en Podología. Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos: 2009.Comisión de Formación del Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos. Guía de protocolo del píe diabético. Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogo. 2011Nuñez Samper M, Llanos Alcázar. Habilidades clínicas para el tratamiento del pie. Elsevier: 2007. Turner, W.A., Merriman, L.M. Técnicas Quirúrgicas en Cirugía del Pie. Masson, Barcelona, 2004.Gómez Ortiz, Santiago. Gómez Facundo, Santiago. " Guia farmacológica de utilización en podología 2010 ". Badalona Nexus Médica 2010Moreno González, A. y cols. Guía farmacológica en Podología. ED Federación Española de Podólogos. Madrid: 1999.Jimenez L. Medicina de urgencias y emergencias: guía diagnóstica y protocolos de actuación. Barcelona: Elsevier, 2009.Moya M. Guía rápida de actuación en urgencias. Madrid: ed Médica Panamericana 2008.Castillo M. D, León M.T. Signos y síntomas en urgencias y emergencias. Alcalá la Real (Jaen) 2009.Prieto, J. Maestre Vera, Juan Ramón. Manual de infecciones en el pie. Madrid: Mileto DL 2003. |
| Bibliografía complementaria | - ROMO SANZ, Mª ISABEL: Tratamiento progresivo de las heridas en medio ambiente húmedo. Gráficas Cervantes S.A. (1999). - CORDERO, CABREROS, ALLEVATO Y DOMOTTI: Manifestaciones cutáneas de las enfermedades sistémicas. Panamericana (1997). - FORBES, JACKSON, HARCOURT, BRACE: Atlas de Medicina Interna. 2ª Edición.(1997). - GOLDCHER, A.: Podología. Masson S.A.(1992). - FITZPATRICK, JOHNSON, WOLFF, POLONA: Atlas de Dermatología Clínica. 3ª edición. Sursmond (1997) - KLEIN, A.R. (ED.): Enfermería de Urgencias. 4ª Edición. Vol. I, II y IV. McGraw-Hill/Interamericana (1996) - GOLDCHER, A.: Podología.. Masson S.A. (1992) REVISTAS CIENTIFICAS RECOMENDADAS. - Revista Española de Podología. Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos de España. - El Peu. Colegio oficial de Podólogos de Cataluña. - Revista Internacional de Ciencias Podológicas - Podología Clínica - British Journal of Podiatrie Medicine, Surgery. - The Chiropodest. The Journal of British Podiatric Medicine |

| Recomendacións |
|---|
| **Materias que se recomenda ter cursado previamente** |
| Anatomía específica do membro inferior/750G02104<br>Microbioloxía e parasitoloxía /750G02107<br>Conceptos Xerais de Cirurxía/750G02127 |
| **Materias que se recomenda cursar simultaneamente** |
| |
| **Materias que continúan o temario** |
| Dermatoloxía/750G02124<br>Quiropodoloxía 2/750G02126<br>Cirurxía Podolóxica 1/750G02128<br>Pé de Risco/750G02131 |
| **Observacións** |

Non se poderán grabar nin fotografiar as clases, obradoiros, nin prácticas salvo en aqueles casos excepcionales nos que adocente outorgue a su autorización expresa. IMPORTANTE PRÁCTICAS DE LABORATORIO Para as prácticas de laboratorio é un requisito imprescindible para a súa realización acudir ás mesmas provistos de bata branca, lentes de protección, máscara, bolígrafo e tesoiras multiusos. Na primeira clase do curso, estableceranse os grupos de prácticas para configurar o cronograma e a relación de materiais necesarios para as prácticas de laboratorio, polo que é básico asistir a esa primeira clase da materia.

Para un mellor aproveitamento das prácticas e recomendable que o alumno/a dispoña do siguiente instrumental: Mango de bisturí del nº 3 e follas de bisturí do nº 15, pinzas de disección s/d, mosquito s/d e porta-agullas.  Para axudar a conseguir
unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número
5:
?Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social? do "Plan
de Acción Green
Campus Ferrol":</p><ul> A
entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia realizarase entregaranse
en formato dixital e en papel sen empregar plásticos, con impresións a dobre
cara, empregando papel reciclado e evitando a impresión de borradores.  Débese facer un uso
sostible dos recursos
e a prevención de impactos negativos sobre
o medio natural tendo en
conta a importancia dos principios
éticos relacionados cos valores da sostenibilidade
nos
comportamentos persoais e profesionais  Facilitarase a plena
integración do alumnado que por razón
físicas, sensoriais, psíquicas
ou socioculturais, experimenten
dificultades a un acceso axeitado, igualitario
e proveitoso á vida universitaria  Traballaráse para identificar e modificar prexuízos e actitudes
sexistas, e influirase na contorna para
modificalos e fomentar valores de
respecto e igualdade, no caso de detectar
situacións de
discriminación por razón de
xénero tomaranse medidas para corrixilas. Na
realización dos traballos da materia, o plaxio e a utilización de material non
orixinal, incluído aquel obtido a través da internet, sen indicación expresa da
súa procedencia e, se é o caso, o permiso do seu autor/a, será cualificado con suspenso
(0,0) na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias
ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento.

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**